


Les aseguro que **yo soy**  
**la puerta** de las ovejas



# **FOLLETO MISA CON NENOS**

## **MISA CON NENOS**

**30 de abril de 2017**

**PASCUA 4º-A**

*Xoán 10,1-10: "Eu son o pastor, eu  
son a porta"*

**Mensaxe: A ovelliña, desde a porta  
que és Xesús,  
dinos: Cristo VIVE**



*Jesús Buen Pastor*

IV Domingo  
de Pascua

## 1.ACOGIDA

Irmáns e irmás: benvidos á nosa celebración pascual. Hoxe a Igrexa preséntanos a Cristo resucitado como o **Bo Pastor**, que vive e non abandona o seu rabaño, que o alimenta e protexe, condúceo por cañadas escuras con seguridade. Hoxe é tamén o día de pedir para que non falten os bos pastores nas comunidades cristiás, que se multipliquen as vocacións consagradas para realizar algunha tarefa pastoral. Unímonos a toda a Igrexa para rogar ao Señor que nos dea novas vocacións.

**Sacerdote:** *-No nome do Pai... Cristo Resucitado, o Bo Pastor que veu para que teñamos vida e a teñamos en abundancia, sexa con todos vós.*

*(Podemos destacar un cadro do Bo Pastor ou se non un zurrón de pastor, un caxato e unha frase: “Eu coñezo as miñas ovellas, eu son a porta”).*

## 2.PERDÓN OU ASPERSIÓN

*(Se non se fai a aspersión)*

**Sacerdote:** *Deus Pai que resucitou ao seu fillo Xesús, pedímoslle perdón:*

- **Catequista:** *Porque en moitas ocasións, non somos obedientes nin facemos caso aos maiores que buscan o noso ben. Perdón, Señor, perdón.*

- **Neno/nena:** *Porque nos esquecemos de rezar e contarlle as nosas cousas a Xesús o Bo Pastor. Perdón, Señor, perdón.*

- **Pais:** *Porque non oímos a túa chamada cando nos pides que che sigamos. Perdón, Señor, perdón.*

**Sacerdote:** *Que o Señor teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados, nos devolva a luz da súa graza e nos leve á vida eterna.*



### 3. LECTURAS

Na primeira lectura, Pedro, o día de Pentecoste, anuncia que aquel Xesús ao que eles crucificaron é o Mesías e Señor, e convida á conversión; así comezaron a nacer as primeiras comunidades. A segunda lectura Pedro lémbra-nos que Cristo é o pastor das nosas vidas que nos sanda as feridas e chámanos a vivir segundo a súa lei de amor. No evanxeo Xesús, que dá a vida por nós, contraponse aos malos pastores; é tamén a porta pola que accedemos á salvación

## LECTURAS

### FEITOS 2, 14a. 36-41: Deus constituíuno Señor e Mesías.

O día de Pentecoste Pedro, poñéndose en pé xunto aos Once, levantou a súa voz e declarou: «Con toda seguridade coñeza toda a casa de Israel que ao mesmo Xesús, a quen vós crucificastes, Deus constituíuno Señor e Mesías». Ao oír isto, traspasóuselles o corazón, e preguntaron a Pedro e aos demais apóstolos: «*Que temos que facer, irmáns?*» Pedro contestoulles: «*Convertédevos e sexa bautizado cada un de vós no nome de Xesús, o Mesías, para perdón dos vosos pecados, e recibiredes o don do Espírito Santo. Porque a promesa vale para vós e para os vosos fillos, e para os que están lonxe, para cuantos chamar a si o Señor Deus noso*».

Con estas e outras moitas razóns deu testemuño e exhortáboas dicindo: «*Salvádevos desta xeración perversa*». Os que aceptaron as súas palabras bautizáronse, e aquel día foron agregadas unhas tres mil persoas.

**Palabra do Señor.**

### SALMO 22:

O Señor é o meu pastor, nada me falta.

### I PEDRO 2, 20b-25: Convertéstesvos ao pastor das vosas almas.

## **XOÁN 10, 1-10: Eu son a porta das ovellas.**

**Narrador:** Naquel tempo, díxolles Xesús:

**Xesús:** -«*Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que salta por outra banda, ese é ladrón e bandido; pero **o que entra pola porta é pastor das ovellas.***

*A este ábrelle o garda e as ovellas atenden á súa voz, e el vai chamando polo nome as súas ovellas e sácaas fóra.*

*Cando sacou todas as súas camiña diante delas, e as ovellas ségueno, porque coñecen a súa voz; a un estraño non o seguirán, senón que fuxirán del, porque non coñecen a voz dos estraños».*

**Narrador:** Xesús púxolles esta comparación, pero eles non entenderon de que lles falaba. Por iso engadiu Xesús:

**Xesús:** -«*Con toda verdade volo aseguro: **eu son a porta das ovellas.** Todos os que viñeron antes de min son ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron.*

*Eu son a porta: quen entre por min salvarase e poderá entrar e saír, e atopará pastos. O ladrón non entra senón para roubar e matar e facer estragos; eu vin para que teñan vida e a teñan abundante».*

*Palabra do Señor.*

**Narrador - Xesús**

## 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

**Sacerdote:** *Ao Pai do ceo presentámoslle a nosa oración, dicindo:*

**-Xesús, Bo Pastor, guíanos e sálvanos.**

1.- *Pola Igrexa para que teña o corazón como o de Xesús, o Bo Pastor. **Oremos.***

2.- *Polo Papa Francisco, polo noso bispo, por todos os pastores da Igrexa. **Oremos.***

3.- *Polos nenos e mocidade, para que coñezan e queiran a Xesús o Bo Pastor. **Oremos.***

4.- *Por todos nós, para que nos esforcemos en querer a Xesús tanto como El nos quere. **Oremos.***

5.- *Por todas as nais, para que o Señor premie a súa xenerosidade e nunca lles falte o agarimos dos seus fillos. **Oremos.***

6.- *Polos que se preparan para recibir a comunión ou a confirmación, polos catequistas e educadores, polos pastores da Igrexa. **Oremos.***

**Sacerdote:** *Escoita Señor Resucitado a nosa oración e enche o mundo enteiro co teu amor. Por XCNS.*

## 5. OFRENDAS

### - CAXATO E CRUZ:

Presentámosche este caxato de pastor, co que dirixe ás súas ovellas, e as súas ovellas coñéceno. Presentámoscho ofrecéndoche o traballo dos nosos pastores e catequistas. Tamén che presentamos esta cruz, ou caxato do cristián, pois seguíndote Señor, iremos por bo camiño.

### - CHAVES:

Ofrecémosche, Señor, estas chaves que nos lembran que ti es a porta do ceo, pola que debemos entrar para salvarnos e alcanzar a vida eterna. E que es a porta da Vida en plenitude e que non debemos pasar de longo.

### -PAN E O VIÑO:

O pan e o viño, son os froitos da terra onde te fas vida. Presentámoscho Señor, para que un día nos transformes como a estes froitos.



**El Señor**  
**es mi**  
**PASTOR**

## 6.- ORACIÓN DE GRAZAS

### *Xesús, es o noso Pastor*

-Ti es o noso Pastor,  
co que saímos cada día  
ao camiño da vida,  
á tarefa, a gozar e vivir a xornada.

-Ti, lévasnos da túa man,  
facilítasnos o camiño,  
protéxenos nas dificultades  
e preséntasnos a beleza.

-Ti estás en todo momento  
ao noso lado, nunca te vas.  
E, cando alguén se perde,  
saes correndo a salvalo.

-Contigo aliado, o medo non é lóxico,  
deberíamos sentirnos felices e seguros,  
alegres e despreocupados,  
solidarios e ditosos, porque contigo  
a vida é máis fácil e vólvesnos irmáns.

**FELICES PASCUAS DE  
RESURRECCIÓN**